

R. Decreto – Lei 11/2020 e a orde TED 320/2020 recollen as novas medidas excepcionais para a percepción do Bono Social por parte de traballadores autónomos que cesaran a súa actividade ou reduciran a súa facturación como consecuencia do COVID- 19:

Crease un novo Bono Social eléctrico ao que poderán optar traballadores por conta propia e autónomos que, como consecuencia do COVID-19 se encontren nalgunha destas situacións:

-Se reduciron a facturación polo menos un 75% no mes anterior á solicitude do Bono Social en relación coa media de facturación do semestre anterior, de acordo cos termos establecidos no R. Decreto -lei 8/2020.

Para poder optar ao Bono Social é necesario que a renda conxunta anual da unidade familiar á que pertenza sexa igual ou inferior a:

*18.799€ (2,5 x IPREM) de 14 pagas se non ten fillos menores na unidade familiar.

*22.559€ (3 x IPREM) de 14 pagas se hai un menor na unidade familiar.

*26.318€ (3,5 x IPREM) de 14 pagas se hai dous menores na unidade familiar.

Estes límites son verificados pola ferramenta BOSCO do Ministerio para a Transición Ecolóxica e se teñen en conta a última renda dispoñible, que en estes momentos pode ser a de 2018.

-Para poder optar a este Bono Social eléctrico as/os traballadores por conta propia ou autónomos deberon polo tanto cesar na súa actividade ou reducir a súa facturación polo menos un 75% no mes anterior á solicitude. Tamén debe estar acollido a o Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor e a subministración para a que se solicita debe corresponder á vivenda habitual. Se a vivenda está a nome de unha empresa ou persoa

xurídica, será necesario realizar o cambio de titularidade para que se atope a nome dunha persoa física.

A data do fin deste Bono Social será cando deixen de concorrer as circunstancias que motivaron o dereito a percibilo. En ningún dos casos se estenderá máis de 6 meses.

O interesado deberá entrar na páxina web da compañía eléctrica onde debe atoparse un formulario e un correo electrónico onde poder enviar os seguintes documentos:

-Formulario cuberto e asinado por todos os membros da familia maiores de 14 anos.

-Fotocopia do DNI de titular e da cada un dos membros que compoñen a familia.

-Certificado de empadramento en vigor do titular e do todos os membros da familia.

-Se fose o caso libro de familia.

-Documentación da situación económica do traballador por conta propia:

* No caso de cese de actividade: Certificado pola AEAT ou a Comunidade Autónoma sobre a declaración de cese da actividade.

*No caso de redución na facturación: copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas, do libro diario de ingresos e gastos, do libro de vendas, do libro de gastos. O que non estivera obrigado a levar libros, deberán acreditar a perda do 75% por outro medio admitido en dereito.

Se o solicitante non puidese aportar algún dos documentos solicitados, poderá presentar unha declaración responsable, na que xustifique os motivos da solicitude relacionados coa crise do COVID-19 e que lle impide a aportación. Tras a finalización do estado de alarma, disporá de un mes para aportar os documentos necesarios. No caso de non presentar a documentación, se regularizará a facturación sen descontos.

Tanto a descarga do impreso, como o envío da solicitude e a documentación poderá enviarse polo correo electrónico que a compañía teña habilitado na súa páxina web.

A empresa comercializadora de referencia remitirá un correo electrónico ao cliente para confirmar a recepción da solicitude.

O Bono Social se aplicará a partir do primeiro día do ciclo de facturación no que teña lugar a recepción da solicitude completa.

A empresa comercializadora avisará ao cliente, na última factura que emita do vencemento do prazo de 6 meses, indicando que pasa a PVPC e que se o considera pode cambiar a subministración con un comercializador de libre mercado.

Nos puntos de subministración de electricidade nos que o titular sexa un autónomo ou empresa, poderán acollerse ás seguintes medidas:

*En calquera momento poderán suspender temporalmente ou modificar seus contratos de subministración, ou as prórrogas de ditos contratos, para contratar outra oferta co comercializador ou adaptar o contrato, sen penalización.

*Pódense realizar modificacións do cambio de potencia e de peaxe de acceso aínda que o modificara con anterioridade.

Os autónomos teñen que acreditar a súa condición de autónomos mediante a súa alta no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou asimilables.

Tres meses despois de finalizar o estado de alarma, o consumidor poderá solicitar a reactivación do contrato ou solicitar unha nova potencia ou peaxes de acceso. Estas modificacións deberán realizarse pola empresa nun prazo de 5 días naturais e sen coste para o consumidor, excepto nos seguintes casos:

*Pagos por dereitos de extensión por incrementos de potencia contratada por riba da potencia que tiña contratada antes do inicio do estado de alarma.

*Pagos por supervisión de instalacións cedidas ou pago de actuacións sobre equipos de control e medida se fose necesario o seu cambio.

Os puntos de subministración de gas natural nos que o titular é un autónomo ou unha empresa poderá acollerse as seguintes medidas sen custo:

-Modificación do caudal diario contratado.

-Inclusión nun peaxe correspondente a un consumo anual inferior.

-Suspensión temporal do contrato de subministración sen custo para o autónomo ou a empresa.

Tres meses despois da finalizar o estado de alarma, o consumidor poderá solicitar a reactivación do contrato ou solicitar unha nova modificación de caudal ou cambio no peaxe. Estes cambios deberán levarse a cabo nun prazo de 5 días naturais e sen custo para o consumidor, excepto cando sexa necesaria unha posta en servizo como consecuencia do cerre e de seguridade da instalación.

Suspensións das facturas de electricidade, gas natural e outros produtos derivados do petróleo para autónomos ou pemes:

Mentres este en vigor o estado de alarma os autónomos ou pemes, poderán solicitar a suspensión do pago das facturas que correspondan a períodos de facturación que conteñan días integrados no estado de alarma. Unha vez finalizado o estado de alarma, as cantidades aprazadas regularizaranse en partes iguais nas facturas emitidas nos 6 meses seguintes á finalización do estado de alarma.

Os autónomos e empresas que se acollan á suspensión de facturación, non poderán cambiar de comercializadora de electricidade ou de gas natural, mentres non complete dita regularización.

Durante o estado de alarma non se poderá interromper a subministración de enerxía eléctrica, produtos derivados do petróleo, gas natural e auga aos consumidores na vivenda habitual, salvo por motivos de seguridade.

No caso de que exista un aviso de pago, durante o estado de alarma parálanse os prazos entre o aviso de pago e a suspensión da subministración.

Se como consecuencia das medidas vixentes no estado de alarma resulta imposible cumprir o contrato, no caso dos servizos non se cobrarían novas mensualidades ata que se puidese prestar novamente o servizo, sen que supoña a finalización do contrato.

Na confianza de que pronto superaremos esta situación entre todos, esperamos que esta información poida resultarlles de utilidade e quedamos a súa disposición para aclarar calquera dúbida ou consulta nos correos: omic.ponteareas@xunta.gal ou antonia.yanes.sobral@ponteareas.gal